



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE A MERCA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA IGREXA DO CARME EN ENTRAMBOSRIOS.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de A Merca, enmárcase na petición formulada polo concello ao amparo da Resolución do 15 de xuño de 2016, da da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes, en materia de colaboración entre a Xunta de Galicia e as corporacións municipais, para a realización de obras con cargo ao financiamento extraordinario para o Plan Hurbe no ano 2016 (DOG do 20 de xuño).

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de A Merca o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de A Merca, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“urbanización da igrexa do Carme en Entrambosrios”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de A Merca trata de promover unha actuación consistente na **“urbanización da igrexa do Carme en Entrambosrios”**.





O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

A Capela do Carme localízase no núcleo rural de Entrambosríos, pertencente ao concello de A Merca, e presenta a singularidade característica de ser propiedade veciñal; sendo o seu atrio o principal punto de encontro dos veciños.

A edificación data do século XIX, e está formada por un aside poligonal, nave rectangular e un pequeno atrio cuberto. Esta construída con muros de sillería e dispón de espadaña. A cuberta esta resolta con muros de madeira de carballo e tella cerámica. É una pequena edificación de pouco máis de 5 metros de ancho e un largo de preto de 17 metros.

Esta capela foi obxecto dunha recente restauración. Por tanto, ao considerala como un elemento de interese arquitectónico, preténdese o acondicionamento do seu entorno

A actuación que se pretende resúmese basicamente no seguinte:

- Demolicións das superficies de formigón e outros elementos estraños e posterior homoxeneización das pendentes.
- Disposición de superficies pétreas segundo un criterio básico de adoquinar as pendentes e enlousar o chan
- Recuperacións puntuais de muros, valados e drenaxes, así como a incorporación de una nova iluminación e elementos de mobiliario.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: “**Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma**” contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2016. María Encarnación Rivas Díaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

